

Ola familia!

Son a profe Uxía, hoxe imos falar dun novo recurso co que podedes traballar na casa e que será divertido para os nenos e as nenas. Eles xa coñecen ós protagonistas destas historias, os nosos queridos Popi e Pepiño, que os botan moito de menos (como a profe) e teñen ganas de xogar todos xuntos.

Este recurso está no campus dixital da editorial Algaida, para acceder a el entraremos na web a través do enlace: <https://www.algaida.es/campusdigitalinfantil/>, e seleccionaremos a idade que nos interesa, así será:

- 4º Educación infantil: 3 anos

Unha vez seleccionada a idade que nos interesa, neste caso 3 anos, aparecen unha serie de recursos ós que podemos acceder. Recordade que xa traballamos o corpo, o cole, a casa, as rúas e agora nos atopábamos descubrindo o mundo da auga; polo que nos diferentes apartados atoparemos contidos vinculados con estas temáticas.

En primeiro lugar atopamos o **Parque Dixital de Flocos de Millo** (a versión da web é en castelán), dentro do cal aparecen varias opcións:

- Aprendemos e xogamos. Xogos dixitais interactivos: Atendendo ós contidos que queremos repasar e interiorizar, as miñas recomendacións de xogos para complementalos son: “Imos de compras”, “De tenda en tenda”, “A través lo labirinto”, “Como son?”, “Siluetas”, “Cousas de cores”, “Mosaico de figuras”, “Canta conmigo” e “Recollemos e ordenamos”. Aínda así é fundamental que os nenos e as nenas se sintan motivados, e unha maneira de facelo é permitirlles escoller o xogo que queiran.

Ademais tamén tedes a opción de descargar estes xogos para o móbil ou tablet, a través da aplicación gratuíta: “*Palomitas de maíz 3 años*”.



- Contos animados: atopamos unha serie de contos sobre as personaxes da clase, xa coñecemos ata o conto 4, polo que podedes volver a velos ou coñecer

as dúas novas historias que quedan por descubrir. Ademais tedes na casa os que vimos no primeiro trimestre.

- Vídeo documentais didácticos: unha serie de vídeos cos que podemos aprender hábitos, rutinas, vocabulario, conceptos e contenidos... Hai moito por investigar!
- Materiais de aula dixitais: atopamos unha serie de materias cos que os nenos e as nenas poden xogar de xeito virtual, ademais moitos destes son coñecidos xa que tamén os temos na nosa aula.
- Canciós: seleccionade a que máis os guste e xa estades listos para cantar e bailar!
- Karaoke: nesta enlace podedes ler as letras das cantigas para poder cantar toda a familia.
- Pop!: aquí podemos ver algúns dos recursos xa mencionados pero en inglés.
- Páxinas web de interese educativo: dentro de cada temática, aparecen unha serie de enlaces para que poidades descubrir máis cousas das que xa sabedes. Así que investigade sobre o que máis vos guste.

Tamén atopamos o **Parque dixital do Xardín das Letras**, onde podedes atopar os contos e canciós das diferentes letras. Penso que coas vogais é suficiente, pero se queredes investigar máis, adiante (presentar a primeira letra do seu nome, que letras ten o seu nome...) Tamén podedes pasar a papel algunha destas letras, comezando coas maiúsculas.

RECURSOS COMPLEMENTARIOS

Dentro desta páxina web podedes atopar outros recursos como os **contos animados de Pompas de xabón, Magic Toys e Fun with Charlie**, que tamén están a vosa disposición.

Cada neno e nena son diferentes e teñen o seus propios ritmos e intereses, aproveitade estas recomendacións para adaptalas a eles.

Aprendede moito, xogade, descansade e... portádevos ben!

Un abrazo moi grande da profe Uxía, que ten moitas ganas de vervos.